

## Concello de Viveiro

---

### **ACTA DA XUNTA DE GOBERNO**

### **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA VINTE E CATRO DE ABRIL DE 2017.**

#### **ASISTENTES:**

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCÍA.  
D<sup>a</sup>. MARIA ISABEL RODRÍGUEZ LÓPEZ  
D. JESUS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ  
D. EMILIO VILLARMEA MENDEZ

#### **SECRETARIA XERAL:**

D<sup>a</sup>. MARILUZ Balsa RÁBADE

#### **INTERVENTORA:**

D<sup>a</sup>. MARIA ROSA ABELLEIRA FERNÁNDEZ

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 13:30 do día 24 de abril de 2017, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Xeral, María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Excusan a súa asistencia os concelleiros D. Jesus Antonio Fernández Cal e D<sup>a</sup>. Lara Fernández Fernández-Noriega.

Á hora sinalada para este acto pola Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 17-04-17.**

Non existindo ningunha obxección ó respecto procédese á aprobación da acta da sesión celebrada o día 17 de abril de 2017.

### **2.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

## Concello de Viveiro

---

### **EXPTE. 2505/2017.- AXUDA NO FOGAR**

Vista a solicitude de servizo de axuda no fogar presentada por D<sup>a</sup>. Erundina Riveira Paleo, e domicilio en Xunqueira, nº 63-8<sup>º</sup>F, Viveiro.

Visto o informe da traballadora social no que se propón conceder o servizo de axuda no fogar solicitado coas seguintes características:

Contidos prestacionais:	Atencións de carácter persoal e doméstico.
Capacidade económica da persoa usuaria:	> 80% < 150% IPREM
Aportación económica:	10%
Custo directo do servizo que satisfará o Concello:	90%
Duración do servizo:	6 horas semanais
Revisión do mesmo:	Pendente resolución PIA dependencia.
Disponibilidade de alta efectiva oou paso a lista de agarda:	Alta efectiva.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder o servizo de axuda no fogar a D<sup>a</sup>. Erundina Riveira Paleo, coas características especificadas no informe da traballadora social, con alta efectiva, sinalando que non debe sobrepasarse o importe establecido no orzamento para dito servizo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Servizos Sociais para o seu coñecemento e notificación á interesada.

### **3.- LICENZAS URBANÍSTICAS**

#### **EXPTE. 1221/2017.-**

Vista a solicitude de legalización de obras presentada por D. Pedro Vizoso Blanco para substitución de cuberta en vivenda unifamiliar sita en As Bodegas , nº 34, Nogarido-Chavín, en Viveiro.

Visto que, segundo se sinala no informe xurídico, constan no expediente os seguintes antecedentes:

- Mediante resolución de Alcaldía de fecha 26 de novembro de 2015, ditada no procedemento de reposición da legalidade urbanística numero RLU/6/2015, requíriuse a PEDRO VIZOSO BLANCO para que no prazo de tres meses solicitase a legalización das obras executadas sen licenza municipal no lugar de As Bodegas, Nogarido, parroquia de Chavín, no inmovible de referencia catastral 002100700PJ13B0001QY.

- Con fecha 22 de febreiro de 2016 tivo entrada no rexistro xeral deste Concello a solicitude de licenza urbanística asinada por PEDRO VIZOSO BLANCO para a legalización das obras obxecto do expediente de reposición

## Concello de Viveiro

---

da legalidade urbanística citado no punto anterior. As actuacións a legalizar consisten na elevación da liña de cornixa uns 40 cm. todo ao redor da edificación aumentando lixeiramente o volume previo do inmovible; independízase da cuberta principal a cuberta do corredor que se resolve a tres augas.

Coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Proxecto técnico asinado pola arquitecta, D<sup>a</sup>. Susana Pérez Pereiras, visado polo COAG o 11 de febreiro de 2016 co número 1600711, e oficio de dirección facultativa a favor da citada arquitecta.
  - Xustificante do pagamento dos tributos municipais, sobre un orzamento inicial de 14.590 euros.
- Unha vez revisada a documentación achegada polo solicitante, requíruselle a súa subsanación de acordo co informe do arquitecto municipal de 3 de maio de 2016.
- O requirimento foi cumprimentado en data 10 de febreiro de 2017, incorporando ao expediente a xustificación do disposto no artigo 40 da Lei do solo de Galicia, a modificación do proxecto introducindo a cuberta do corredor, e a resolución de Augas de Galicia de 13 de xaneiro de 2016 autorizando a legalización das obras.

Visto o informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal.

No informe técnico sinalase que a clasificación do solo segundo a OUP é solo de núcleo rural. Ordenanza de aplicación 7. A parcela corresponde coa referencia catastral nº 002100700PJ13B0001QY, Lg. Bodegas - Pq. Chavín 2. Preséntase un expediente de legalización de substitución de cuberta de vivenda unifamiliar existente. Elévase a liña de cornixa uns 40 cm. todo ao redor da edificación aumentando lixeiramente o volume construído. Independízase da cuberta principal a cuberta do corredor que se resolve tres augas. As propostas adecúanse ao entorno onde se atopa atendendo á súa forma e materiais empregados incorporando solucións actuais integradas no conxunto. Respecto ao cumprimento da normativa urbanística, sinalase que, se trata de obras de rehabilitación con ampliación de edificación existente de carácter tradicional. Dáse cumprimento ao disposto na lei 2/2016 do Solo de Galicia no artigo 40 referido a edificacións existentes de carácter tradicional en solo rústico. Mantéñense as características esenciais do edificio, do lugar e da súa tipoloxía orixinaria.

	PROXECTO	NORMATIVA
Altura de cornixa	5,84 m	7,00 m
Volume existente	565,40 m <sup>3</sup>	ampliación < 50%
Volume ampliado	45,47 m <sup>3</sup> [8%]	< 50%

No citado informe establécense os seguintes afeccións:

- A parcela atópase dentro zona de servidume do río Nogarido, obras dentro deste ámbito requirirán da autorización sectorial de Augas de Galicia, Real Decreto 849/86 de 11 de abril polo que se aproba o regulamento do dominio público hidráulico.
- Presenta autorización de Augas de Galicia con data 13 de novembro de 2015.

## Concello de Viveiro

---

Respecto ao cumprimento da normativa técnica aplicable sinálase que a arquitecta redactora do proxecto fai constar que o proxecto cumpre coa normativa técnica aplicable.

No informe técnico sinalase que o orzamento de execución material segundo o proxecto presentado coa modificación introducida na documentación achegada co nº 733 de 10 de febreiro de 2017 no rexistro xeral do Concello ascende a cantidade de 10.850,52 €, [10.132,65€ + 717,87€].

Conforme, sen prexuízo das inspeccións que por parte do persoal municipal se estimen oportunas con obxecto de comprobar as obras realizadas.

Faise constar que con data 22 de febreiro de 2016 faise unha autoliquidación provisional errónea por 14.590,00 € que corresponden ao presuposto de execución de contrata despois de impostos e non ao presuposto de execución material [PEM].

No citado informe establécese o seguinte condicionamento:

- As características estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais da contorna.

Conclúe o informe técnico sinalando que tendo en conta todo o dito anteriormente e atendendo á normativa aplicábel emítase INFORME FAVORÁBEL, nas CONDICIÓNS expresadas nos puntos anteriores, e nos condicionamentos que se establecen na preceptiva autorización sectorial.

Visto o informe xurídico favorable emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo.

No informe xurídico referido sinálase o seguinte:

- Os artigos 142 LSG e e 351.1, letra a) do Regulamento LSG, suxeitan a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, entre outros, os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen proxecto de obras de edificación.

A normativa aludida nos citados preceptos é a Lei de Ordenación da Edificación que exige a redacción de proxecto para as intervencións sobre edificios existentes sempre e cando alteren a súa configuración arquitectónica, entendendo como tales (...) as que produzan unha variación do sistema estrutural.

As obras a legalizar, de substitución de cuberta, en canto precisan de proxecto de obras, han de ser tramitadas polo procedemento de licenza

- De conformidade co disposto nos artigos 143 LSG e 350 do Regulamento, as licenzas outórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, e non poderán outorgarse ata que sexan concedidas as autorizacións ou informes administrativos previos que sexan exixibles nos termos da lexislación sectorial vixente. No expediente consta a autorización de Augas de Galicia, asinada o 13 de xaneiro de 2016, para a legalización das obras de substitución da cuberta en vivenda, por atoparse o inmovible na zona de policía do rego de Moucide

- O informe do arquitecto municipal constata a adecuación do acto pretendido ao planeamento urbanístico. O Planeamento aplicable para a resolución da solicitude de licenza urbanística é o contido no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento. No ámbito do solo de núcleo rural, regulado no punto 7 do Anexo do citado Decreto, permítense as obras solicitadas. O tenor literal do mencionado informe é o seguinte: <<Trátase de obras de rehabilitación con ampliación de edificación existente de carácter tradicional. Dáse cumprimento ao disposto na lei 2/2016 do Solo de Galicia no artigo 40 referido a edificacións existentes de carácter tradicional en solo rústico. Mantéñense as características esenciais do edificio, do lugar e da súa tipoloxía orixinaria>>.



## Concello de Viveiro

---

Conclúe o informe xurídico sinalando que visto canto antecede, considera que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza pretendida é conforme coa ordenación urbanística.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en base aos antecedentes obrantes no expediente e en base á proposta de resolución emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Primeiro.- Autorizar a legalización das obras de substitución de cuberta en vivenda unifamiliar executadas sen licenza municipal no inmovible de referencia catastral 002100700PJ13B0001QY, sito en LG AS BODEGAS, 34 NOGARIDO-CHAVIN solicitada por PEDRO VIZOSO BLANCO, de acordo co proxecto técnico asinado pola arquitecta, D<sup>a</sup>. Susana Pérez Pereiras, visado polo COAG o 11 de febreiro de 2016 co número 1600711.

Segundo.- Trasladar o expediente á Tesourería municipal para os efectos de practicar unha nova liquidación tributaria e devolución de ingresos correspondente, si procede, toda vez que segundo informe do arquitecto municipal o orzamento de execución material segundo o proxecto presentado coa modificación introducida na documentación achegada co nº 733 de 10 de febreiro de 2017 no rexistro xeral do Concello ascende a cantidade de 10.850,52 €, [10.132,65€ + 717,87€]; mentres que a autoliquidación dos tributos fíxose sobre un orzamento inicial de 14.590 euros.

Terceiro.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Cuarto.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

### **EXPTE. 1352/2017.-**

Vista a solicitude de licenza presentada por D<sup>a</sup>. Sara Varela Mazón para obras interiores en vivenda sita na Travesía da Mariña n.º 51-4º, no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3353714PJ1335s0012LJ, consistentes na execución de falsos teitos, cambio de sanitarios, colocación de tarima de madeira, portas interiores e pintado da vivenda. Achega reportaxe fotográfica do edificio no que se ubica a vivenda e orzamento das actuacións.

Visto o informe técnico favorable emitido pola aparelladora da Oficina de Rehabilitación, co visto e prace do arquitecto municipal.

---

### Concello de Viveiro

## Concello de Viveiro

---

No informe técnico sinálase que a clasificación do solo é urbano consolidado. A edificación donde se pretende realizar as obras está situada no nº 51- 4º da Travesía da Marina, no Casco Histórico de Viveiro.

Segundo a solicitude de licenza de obra, as obras a acometer na vivenda son as seguintes:

- Pavimento de madeira, alicatados, pintura interior, portas de paso, colocación de iluminación tipo led, aparellos sanitarios, colocación falsos teitos escaiola.

Segundo a solicitude presentada na que se xunta memoria valorada, as obras que se pretenden

executar cumpren ca normativa urbanística e coa normativa técnica aplicable

Visto o informe xurídico favorable emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo.

No informe xurídico referido sinálase o seguinte:

- De conformidade co disposto no artigo 142.2 letra c) da LSG, as intervencións en inmobles declarados BIC ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable. O inmueble de referencia atópase incluído no catálogo inventario do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Viveiro (PEPRI), polo que a solicitude debe tramitarse polo procedemento de licenza. Segundo se deduce do informe técnico obrante no expediente, non resulta preciso informe previo do organo competente en materia de protección do patrimonio

- Conforme o disposto no artigo 143.1 da LSG, as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e planeamento urbanísticos. O punto terceiro da disposición transitoria primeira da mencionada lei declara expresamente o mantemento da eficacia dos decretos autonómicos de suspensión do plan que foron ditados antes da súa entrada en vigor, e ata que entre en vigor o plan xeral; na súa virtude, a normativa vixente no municipio de Viveiro, aplicable á resolución deste procedemento, é a contida no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento, que, no punto 1.3 do Anexo regula a ordenanza de solo urbano da zona antiga de Viveiro, de aplicación aos terreos incluídos no ámbito territorial do PEPRI.

Conclúe o informe xurídico sinalando que de acordo coa indicada ordenación provisional, e tendo en conta o informe favorable dos servizos técnicos municipais que obra no expediente, as actuacións propostas cumpren coas previsións da ordenanza aplicable

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en base aos antecedentes obrantes no expediente e en base á proposta de resolución emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Primeiro.- Outorgar a D<sup>ª</sup>. SARA VARELA MAZON, licenza municipal para obras interiores en vivenda sita na Travesía da Mariña n.º 51-4º, no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3353714PJ1335s0012LJ, consistentes na execución de falsos teitos, cambio de sanitarios, colocación de tarima de madeira, portas interiores e pintado da vivenda

Segundo.- A licenza municipal suxeitase ao cumprimento das seguintes condicións particulares:

- a) De ser necesaria a ocupación da vía pública para a execución das obras, colocación de andamiaxe e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar e obter a previa e preceptiva autorización municipal



## Concello de Viveiro

---

b) Os entullos que se xeneren durante as obras deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.

Terceiro.- As obras deberán iniciarse nun prazo máximo de seis meses, a partir da notificación da resolución, e rematar no de tres anos, a contar igualmente a partir da notificación da resolución, sen que poidan interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

Cuarto.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Quinto.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

### **4.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN**

#### **EXPTE. 3559/2016.- ADXUDICACIÓN OBRA "REPOSICIÓN DE FIRME NOS CAMIÑOS DE ACCESO Á PRAIA DE AREA NA PARROQUIA DE FARO-VIVEIRO".**

Visto o expediente de contratación CT 14/2016, correspondente á tramitación do contrato mediante procedemento negociado sen publicidade da obra denominada: "Reposición de firme en los caminos de acceso a la Playa de Area en la parroquia de Faro-Viveiro".

Visto que na Xunta de Goberno Local de data 27 de febreiro de dous mil dezasete se aprobou o expediente de contratación mencionado, así como o gasto para realizar a actividade descrita, xunto co prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas e a solicitude de presentación de ofertas a tres empresas.

Visto que solicitadas as ofertas, no prazo para a presentación, se rexistraron proposicións por parte das seguintes empresas:

- CARFERLO, S.L. Polígono Industrial de Camba, parcela 56-57, C.P. 27850 Xove (Lugo).
- EXCAVACIONES RAMSEI.S.L. Álvaro Cunqueiro 38, local 1, C.P. 2770, Foz (Lugo).
- EXCAVACIONES ISIDORO S.L. Vilar, 10, C.P. 27880, Burela (Lugo).

---

### Concello de Viveiro



## Concello de Viveiro

---

Visto que en data 16 de marzo de 2017 se procedeu á apertura dos sobres nº 1, documentación administrativa, tal e como consta na Acta da Mesa de Contratación.

Na referida acta consta que se revisou a documentación do sobre Nº 1 das proposicións presentadas ao procedemento, revisándose a documentación polos membros da Mesa comprobando que se axustaba ao establecido na cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas particulares observándose que por parte da empresa Excavaciones Isidoro, S.L. preséntase ademáis da documentación a incluír no sobre Nº 1, a que debería presentarse de xeito independente no sobre Nº 2. Pola Secretaria Municipal sinalase que este feito incumpre o disposto no prego de cláusulas administrativas particulares respecto á forma de presentación das ofertas, así como o disposto no artigo 145.2 do TRLCSP, no que se sinala que as proposicións serán secretas, implicando desigualdade entre os licitadores. Este defecto de presentación non pode polo tanto considerarse defecto subsanable, sendo causa de exclusión do procedemento; polo que, polos membros da Mesa se acorda excluír do procedemento á empresa Excavaciones Isidoro, S.L.

Visto que en data 22 de marzo de 2017 se procedeu pola Mesa de contratación á apertura dos sobres Nº 2.

Na referida acta consta a presentación polas empresas das seguintes ofertas:

	Documentación sobre Nº 2	<b>Carferlo, S.L.</b>	<b>Excavaciones Ramsey, S.L.</b>
1	Oferta económica	39.930,00 (IVE engadido)	40.958,50 (IVE engadido)
2	Oferta prazo execución obra	Dez días laborables (10 días)	Vinte días (20 días)
3	Documentación non avaliable de obrigada presentación	Presentada	Non presentada

Resultando que, segundo consta na mencionada acta, a oferta presentada pola empresa Excavaciones Ramsey S.L. supera o prezo máximo de licitación, ademáis de non presentar a documentación non avaliable, de obrigada presentación, polo que se acorda a súa exclusión.

Resultando que, polo tanto a oferta máis ventaxosa foi a presentada pola empresa Carferlo S.L., a Mesa de Contratación propuxo como adxudicataria á referida empresa, cos seguintes datos:

<b>Documentación sobre Nº 2</b>	<b>Carferlo, S.L.</b>
Oferta económica	39.930,00 (IVE engadido)
Oferta prazo execución obra	Dez días laborables (10 días)





## Concello de Viveiro

---

Visto o preceptuado no artigo 151.2 do TRLCSP, no que se establece que o órgano de contratación requirirá ó licitador que presentase a oferta economicamente máis ventaxosa para que dentro do prazo de dez días hábiles dende a recepción do requirimento presente a documentación xustificativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e xustificante de ter constituído a garantía definitiva, previa á adxudicación do contrato.

Resultando que pola Xunta de Goberno Local de data 3 de abril de 2017 se acordou proceder ao requirimento da documentación previa á adxudicación, presentándose a mesma pola empresa, segundo consta no expte.

Visto o informe favorable de Secretaría coa conformidade de Intervención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Adxudicar o contrato denominado "Reposición de firme nos camiños de acceso á praia de Area na parroquia de Faro-Viveiro" á empresa Carferlo, S.L., con CIF B-27.227.388, por un importe total, IVE engadido de 39.930,00 € e por un prazo de 10 días laborables.

Segundo.- A formalización deste contrato coa empresa adxudicataria levarase a cabo no prazo de quince días hábiles dende a notificación da adxudicación aos licitadores.

Terceiro.- Notificar este acordo ó adxudicatario e publicalo no perfil do contratante, así como remitir anuncio referente á formalización do contrato ó Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Cuarto.- Indicarlle ao adxudicatario que, tendo en conta o prazo de xustificación da subvención que financia a presente obra, debería presentarse o Plan de Seguridade e Saúde, para a súa aprobación polo Concello, previamente á comprobación do replanteo e inicio das obras, á maior brevidade posible.

Quinto.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Contratación para a súa notificación aos licitadores e comunicación ao Departamento de Intervención e a continuidade do expediente ata a súa conclusión.

### **5.- RECOÑECIMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.**

#### **EXPTE. 2261/2017.**

Vista a relación de obrigas correspondente ao expte 2261/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención en data 31 de marzo de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de

---

### Concello de Viveiro

## Concello de Viveiro

---

obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por Limpiezas Viveiro SLU, por un importe total de 544,50 €, que constan no expediente 2261/2017.

Resultando que en data 12 de abril de 2017, por parte de Alcaldía se procedeu ao levantamento do reparto formulado pola Intervención, en base aos seguinte:

*“Tendo en conta que no informe referido, por parte da Intervención, se indica que:*

*“1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de 544,50 €.*

*2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.”*

*Tendo en conta o reparo suspensivo se motiva na disconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ter unha duración superior a un ano sendo gastos periódicos e repetitivos.*

*Tendo en conta que neste momento xa se está a tramitar, no Departamento de Contratación, o expediente para licitar o servizo de limpeza de diversos edificios municipais do Concello de Viveiro, atopándose redactado a día de hoxe un borrador do prego de cláusulas administrativas particulares, que precisa de varias modificacións.*

*Resultando que o Concello non pode prescindir do servizo de limpeza, que debe continuar realizándose mentres non se remate o expediente de contratación iniciado.*

*Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:*

*I. Que o artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.*

*II. Tendo en conta que xa se atopa en tramitación o expediente de contratación para o servizo de limpeza.*

*III. Tendo en conta que este servizo resulta indispensable para o funcionamento do concello, do que non se pode prescindir e que, en tanto non se remate o oportuno expediente de contratación, é preciso continuar coa súa prestación.*

*IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto éste se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acreedor.*

*Esta Alcaldía dicta a seguinte RESOLUCIÓN:*

*1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV.”*

Resultando que pola Alcaldía, mediante resolución de data 3 de xullo de 2015 se acordou delegar na XGL a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención á mesma, foi levantado pola Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente 2261/2017.

## Concello de Viveiro

---

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

### **EXPTE. 2266/2017.**

Vista a relación de obrigas correspondente ao expte 2266/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención en data 31 de marzo de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por Xenera Compañía Eléctrica SA, por un importe total de 487,74 €, que constan no expediente 2266/2017.

Resultando que en data 12 de abril de 2017, por parte de Alcaldía se procedeu ao levantamento do reparto formulado pola Intervención, en base aos seguinte:

*“Tendo en conta que no informe referido, por parte da Intervención, se indica que:*

*“1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de 487,74 €.*

*2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.”*

*Tendo en conta o reparo suspensivo se motiva na disconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior a un ano, e non consta contrato anterior para o mesmo obxecto e co mesmo provedor.*

*Tendo en conta que o listado de obrigas reparadas se corresponde con facturas da empresa Xenera Compañía Eléctrica SA, referidas ao subministro de enerxía eléctrica, e que por parte da Intervención Municipal (noutro expediente de facturas de enerxía eléctrica) se indicou que, ao non ter cabida como contrato menor, debería tramitarse un procedemento aberto con concorrencia e publicidade.*

*Resultando que neste Concello non se conta con ningún expediente de contratación realizado para ningún dos subministros de enerxía eléctrica existentes, entendendo, polo tanto, que debería procederse á realización dun expediente de contratación aberto, con concorrencia e publicidade, que abrangue todos os subministros existentes.*

*Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:*

*I. Que o artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.*

*II. Tendo en conta a necesidade de realización dun expediente de contratación para a totalidade de subministros de enerxía eléctrica existentes.*

*III. Tendo en conta que a enerxía eléctrica constitúe un subministro indispensable para o funcionamento do concello, do que non se pode prescindir e que, en tanto non se leve a cabo o oportuno expediente de contratación, é preciso manter os contratos vixentes.*

*IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto éste se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acreedor.*

*Esta Alcaldía dicta a seguinte RESOLUCIÓN:*

*1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV.”*

---

## Concello de Viveiro

## Concello de Viveiro

---

Resultando que pola Alcaldía, mediante resolución de data 3 de xullo de 2015 se acordou delegar na XGL a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención á mesma, foi levantado pola Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente 2266/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

### **EXPTE. 2267/2017.**

Vista a relación de obrigas correspondente ao expte 2267/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención en data 31 de marzo de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por Aldro Energía y Soluciones SL, por un importe total de 32.226,44 €, que constan no expediente 2267/2017.

Resultando que en data 12 de abril de 2017, por parte de Alcaldía se procedeu ao levantamento do reparo formulado pola Intervención, en base aos seguinte:

*“Tendo en conta que no informe referido, por parte da Intervención, se indica que:*

*“1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de 32.226,44 €.*

*2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.”*

*Tendo en conta o reparo suspensivo se motiva na disconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ter unha duración superior a un ano sendo gastos periódicos e repetivos.*

*Tendo en conta que o listado de obrigas reparadas se corresponde con facturas da empresa Aldro Energía y Soluciones SL, referidas ao subministro de enerxía eléctrica, e que por parte da Intervención Municipal (noutro expediente de facturas de enerxía eléctrica) se indicou que, ao non ter cabida como contrato menor, debería tramitarse un procedemento aberto con concorrencia e publicidade.*

*Resultando que neste Concello non se conta con ningún expediente de contratación realizado para ningún dos subministros de enerxía eléctrica existentes, entendendo, polo tanto, que debería procederse á realización dun expediente de contratación aberto, con concorrencia e publicidade, que abranga todos os subministros existentes.*

## Concello de Viveiro

---

*Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:*

*I. Que o artigo 217 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.*

*II. Tendo en conta a necesidade de realización dun expediente de contratación para a totalidade de subministros de enerxía eléctrica existentes.*

*III. Tendo en conta que a enerxía eléctrica constitúe un subministro indispensable para o funcionamento do concello, do que non se pode prescindir e que, en tanto non se leve a cabo o oportuno expediente de contratación, é preciso manter os contratos vixentes.*

*IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto éste se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acreedor.*

*Esta Alcaldía dicta a seguinte RESOLUCIÓN:*

*1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV.”*

Resultando que pola Alcaldía, mediante resolución de data 3 de xullo de 2015 se acordou delegar na XGL a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención á mesma, foi levantado pola Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente 2267/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

### **EXPTE. 2415/2017.**

Visto o informe de intervención, no que se sinala que, logo de ver as facturas conformadas, que se relacionan no referido informe, por importe de 3.552,39€ solicítase informe ó Servizo de Contratación sobre a tramitación do procedemento de contratación dos servizos de limpeza. Engádesse no informe de intervención o seguinte:

1.Trátase de gastos realizados no propio exercicio que aínda que pola súa cuantía anual non superan o importe máximo dos contratos menores, superan a duración de un ano, sendo periódicos e repetitivos, non podendo considerarse contrato menor.

2.Existe consignación no vixente orzamento nas aplicacións que se indican, polo importe total de 3.552,39 euros.

3.Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

En base ao exposto conclúe o informe de intervención indicando que manifesta a disconformidade do tratamento como contrato menor, debendo

## Concello de Viveiro

---

tramitar un procedemento aberto, planificando as necesidades que deben de cubrirse e concretar o alcance tanto material como temporal do obxecto da prestación a realizar e impulsar unha contratación racional e eficiente, con concurrencia e publicidade.

Consta no expediente informe do servizo de contratación no que se sinala o seguinte:

“1. Que a tramitación do referido expediente estivo paralizada por causa da miña baixa laboral, comprendida entre o 13 de febreiro e o 22 de marzo de 2017.

2. Que posteriormente a miña incorporación, por requerimento do equipo de goberno, modifiquei os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, inicialmente redactados, para incorporar ao obxecto do contrato a limpeza do Colexio Público de Covas.

3. Que os extremos anteriores provocaron un aumento do tipo de licitación do contrato, así como unha variación no calendario de vixencia do contrato, aspectos que foron por mín xa recollidos nos pregos inicialmente redactados.

4. Que na data actual os pregos do expediente de referencia atópanse en fase de coordinación para a súa aprobación polo órgano de contratación e posterior convocatoria pública da licitación. Esta coordinación estase vendo interrompida pola redacción de pregos e tramitacións realizadas por este Servizo correspondentes a outros expedientes considerados polo Concello de inminente urxencia (*mantemento dunha ferramenta informática destinada á xestión por medios electrónicos da actividade administrativa; actualización e mantemento catastral; aluguer de equipos informáticos mediante a modalidade de renting; obras incluídas no Convenio de Colaboración coa Deputación de 30 de setembro de 2016 e de 14 de novembro de 2016; etc.*).

5. Que este Servizo de Contratación comunicará a esa Intervención municipal, tan pronto como lle sexa posible, o novo tipo de licitación e reaxuste do calendario do contrato para os efectos contables do Concello e para a obtención dun novo documento RC axustado á realidade das novas modificacións introducidas nos pregos.”

Visto que, en data 19 de abril de 2017, pola intervención municipal, respecto á relación de facturas e obrigas referidas no presente expte. se indica que “visto o informe do servizo de contratación en relación ás facturas que se detallan a continuación, elévese á Xunta de Goberno para a súa validación”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, atendendo a que se atopa en tramitación a licitación deste servizo e tendo en conta que entre tanto non se remate o referido proceso de contratación non pode prescindirse do mesmo, e que en virtude da teoría do enriquecemento inxusto debe existir unha correlativa compensación da administración que recibe a prestación a favor do acreedor, acorda:

Primeiro.- Validar o gasto e aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen na proposta do concelleiro de facenda referente ao expediente 2415/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.



## Concello de Viveiro

---

### EXPTE. 2264/2017.-

Vista a relación de obrigas correspondente ao expte 2264/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención en data 31 de marzo de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por Servicos Sociais San Roque SL, por un importe total de 19.438,32 €, que constan no expediente 2264/2017.

Resultando que en data 12 de abril de 2017, por parte de Alcaldía se procedeu ao levantamento do reparto formulado pola Intervención, en base aos seguinte:

*“Tendo en conta que no informe referido, por parte da Intervención, se indica que:*

*“1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de 19.438,32 €.*

*2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.”*

*Tendo en conta o reparo suspensivo se motiva na disconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor e non consta contrato anterior para o mesmo obxecto e co mesmo provedor.*

*Tendo en conta que o servizo de axuda no fogar constitúe un servizo básico e indispensable para a cidadanía e que por parte deste Concello se están a levar a cabo as actuacións necesarias en aras a poder proceder á realización dun expediente de contratación para a prestación do servizo, como resulta ser a necesidade de consignación orzamentaria, necesaria para poder aprobar o referido expediente. Este Concello, en tanto non estea rematado o devandito expediente de contratación, non pode prescindir da prestación deste servizo (que implicaría a desatención de necesidades sociais e básicas dunha parte importante da cidadanía).*

*Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:*

*I. Que o artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.*

*II. Tendo en conta que se están a levar a cabo as actuacións necesarias e previas para poder aprobar o expediente de contratación para a prestación deste servizo.*

*II. Tendo en conta o Servizo de Axuda no Fogar constitúe un servizo necesario e indispensable para a cidadanía do concello, do que non se pode prescindir e que, en tanto non se leve a cabo o oportuno expediente de contratación, é preciso manter a súa prestación.*

*IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto éste se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acreedor.*

*Esta Alcaldía dicta a seguinte RESOLUCIÓN:*

*1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV.”*

Resultando que pola Alcaldía, mediante resolución de data 3 de xullo de 2015 se acordou delegar na XGL a competencia para a autorización,



## Concello de Viveiro

---

disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención á mesma, foi levantado pola Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente 2264/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

### **6.- ENTRONCAMENTO**

#### **EXPTE. 1873/2017.-**

Vista a solicitude de D. Ramón Salvador Piñón Ben, con domicilio a efectos de notificación en Casanova, 2, Vieiro, en Viveiro, para realizar o entronque á rede de sumidoiros, para a vivenda con referencia catastral 002202300PJ13E, sita en Casanova, 2, Vieiro, Viveiro, para o tipo de obra: vivenda.

Resultando que no informe emitido pola empresa concesionaria deste servizo se recollen os seguintes aspectos:

Rede xeral do posible entroncamento	PVC Ø 315
Diámetro da acometida	160
Lonxitude da acometida	7 m
Terreo	Terra
Observacións	

Resultando que, se é preciso a realización de obras para levar a cabo a acometida, a autorización para dito entronque non pode concederse sen que o interesado teña presentada a comunicación previa ou concedida a oportuna licenza urbanística para a realización das obras precisas para realizar o entronque.

Resultando que consta no expediente a presentación de comunicación previa para a realización de ditas obras, contando co visto e praxe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Autorizar o entroncamento á rede de sumidoiros solicitada por D. Ramón Salvador Piñón Ben, debendo aboar as taxas municipais correspondentes, por un importe de 14,68 euros, no Banco Sabadel, no



## Concello de Viveiro

---

número de conta: ES51. 0081. 2146. 98. 0001000001, segundo o art. 5.1 da Ordenanza.

Segundo.- Notificar este acordo ó interesado e á empresa Viaqua, S.A.U.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo a Xestión Tributaria para o seu coñecemento e efectos de notificación ao Departamento de Tesourería e ós interesados.

### **PUNTOS INCLUIDOS NA ORDE DO DÍA POR URXENCIA.**

Por parte da Alcaldía propónse a inclusión na presente sesión da Xunta de Goberno Local, de varios asuntos de carácter urxente:

- Requerimento de documentación previa á adxudicación de tres expedientes de contratación: "Reposición de firme e mellora dos servizos urbanos nos viais de acceso ao colexio e á igrexa parroquial de Covas - Viveiro", "Mellora, eficiencia enerxética e nova instalación de alumeadado público en Pénjamo" e "Aluguer de equipos informáticos para o Concello de Viveiro, mediante a modalidade de renting (contrato de subministración)".
- Solicitud de Subvención do plan concertado de Servizos Sociais para o ano 2117.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda ratificar a urxencia dos asuntos propostos pola Alcaldía para a inclusión na presente sesión, tendo en conta o escaso período de xustificación das subvencións que financian as actuacións dos tres expedientes de contratación, e a subvención do plan concertado polo escaso prazo para a súa solicitude, asuntos que se relacionan a continuación, segundo o expediente ao que pertencen:

### **SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DO PLAN CONCERTADO DE SERVIZOS SOCIAIS 2017**

#### **EXPTE. 2577/2017**

Visto o escrito presentado polo director do centro de Servizos Sociais municipais, no que manifesta que o Concello de Viveiro ten que aprobar o proxecto anual de Servizos Sociais 2017 ao amparo do Decreto 99/2012 do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento e solicita a adopción de acordo no que se aprrobe o importe de financiamento solicitado, tendo en conta que os servizos sociais municipais seguen a prestarse con continuidade, cofinanciando o mantemento e desenvolvemento dos servizos sociais de titularidade municipal segundo o anexo V, constando no expediente referencia ao proxecto de servizos sociais para o ano 2016.

---

### **Concello de Viveiro**



## Concello de Viveiro

---

A Xunta de Goberno Local , por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto anual de Servizos Sociais 2017, segundo os datos obrantes no expte. e tendo en conta o escrito presentado polo director do centro de Servizos Sociais municipais respecto á continuidade, cofinanciando o mantemento e desenvolvemento dos servizos sociais de titularidade municipal.

Segundo.- Solicitar a subvención referente ao Plan Concertado para o proxecto anual de Servizos Sociais 2017, tendo en conta os datos obrantes no expte.

### **EXPTE. 1001/2017.- REQUERIMENTO DE DOCUMENTACIÓN**

Vistos todos os antecedentes do expediente para a contratación denominada "Reposición de firme e mellora dos servizos urbanos nos viais de acceso ao colexio e á igrexa parroquial de Covas - Viveiro", CT 4/2017, (expte. 1001/2017).

Vistas as actas da Mesa de Contratación municipal correspondentes ás sesións levadas a cabo os días 18 e 21 de abril de 2017, nas que reflicten, entre outros extremos, as empresas invitadas, as presentadas, as excluídas e a admitida ao procedemento.

Vista a proposta de adxudicación do contrato efectuada pola Mesa de Contratación en sesión de 21 de abril de 2017, a favor da empresa "Carferlo, S.L.", cun prazo de execución de 7 días laborables e coa seguinte oferta económica:

Orzamento base	21% IVE	Orzamento total
41.813,92 €	8.780,92 €	50.594,84 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Requirir á empresa "Carferlo, S.L.", con CIF núm. B-27.227.388, para a presentación da documentación previa á adxudicación do contrato, consonte ao establecido na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares, outorgándolle para os devanditos efectos un prazo de cinco días hábiles.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Contratación para a continuidade do expediente ata a súa conclusión.

### **EXPTE. 2172/2017.- REQUERIMENTO DE DOCUMENTACIÓN**

Vistos todos os antecedentes do expediente para a contratación denominada "Mellora, eficiencia enerxética e nova instalación de alumeadado público en Pénjamo", CT 3/2017, (expte. 2172/2017).

---

## Concello de Viveiro

## Concello de Viveiro

---

Vistas as actas da Mesa de Contratación municipal correspondentes ás sesións levadas a cabo os días 12 e 21 de abril de 2017, nas que reflicten, entre outros extremos, as empresas invitadas, as presentadas, as excluídas e a admitida ao procedemento.

Vista a proposta de adxudicación do contrato efectuada pola Mesa de Contratación en sesión de 21 de abril de 2017, a favor da empresa "Otelec Costa Norte S.L.", cun prazo de execución de 18 días laborables e coa seguinte oferta económica:

Orzamento base	21% IVE	Orzamento total
24.793,39 €	5.206,61 €	30.000,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Requirir á empresa "Otelec Costa Norte S.L.", con CIF núm. B-27.393.495, para a presentación da documentación previa á adxudicación do contrato, consonte ao establecido na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares, outorgándolle para os devanditos efectos un prazo de cinco días hábiles.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Contratación para a continuidade do expediente ata a súa conclusión.

### **EXPTE. 4311/2016.- REQUERIMENTO DE DOCUMENTACIÓN**

Vistos todos os antecedentes do expediente para a contratación denominada "Aluguer de equipos informáticos para o Concello de Viveiro, mediante a modalidade de renting (contrato de subministración)", CT 18/2016, (expte. 4311/2016).

Vistas as actas da Mesa de Contratación municipal correspondentes ás sesións levadas a cabo os días 8 e 24 de marzo e 21 de abril de 2017, nas que reflicten, entre outros extremos, as empresas invitadas, as presentadas, as excluídas e a admitida ao procedemento.

Vista a proposta de adxudicación do contrato efectuada pola Mesa de Contratación en sesión de 21 de abril de 2017, a favor da empresa "Herbecon Systems S.L.", cun prazo de entrega de 3 días laborables e a seguinte oferta económica:

Orzamento base	21% IVE	Orzamento total
59.950,00 €	12.589,50 €	72.539,50 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:



## Concello de Viveiro

---

Primeiro.- Requirir á empresa "*Herbecon Systems S.L.*", con CIF núm. B-92.200.591, para a presentación da documentación previa á adxudicación do contrato, consonte ao establecido na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares, outorgándolle ao efecto un prazo de dez días hábiles.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Contratación para a continuidade do expediente ata a súa conclusión.

### **7.- ROGOS E PREGUNTAS**

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 14:10 horas do día 24 de abril de 2017, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.